



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2022. (EXPEDIENTE 2022/G010/000001)

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 11:35 horas do día 7 de xaneiro de 2022 reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretario D. Miguel Piñeiro Souto e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores Asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)
Dna. Rocío López Rey (PP)
D. Jesús Souto Pena (PP)
D. Ramiro Bello Recouso (PP)
D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP)
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

Non asiste: Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade.

Seguidamente pásase o estudo dos asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DA LARACHA.



O secretario da conta do ditame da sesión extraordinaria celebrada polo pola comisión informativa de Asuntos do Pleno celebrada o 29 de decembro de 2021, o cal é o seguinte

“ANTECEDENTES DE FEITO

1º.-SENTENCIA Nº 543/2021 ditada en A Coruña, o cinco de outubro de dous mil vinteun que dispón:

“Descartada la nulidad del cese de la actora, si bien estimándose la misma improcedente por cuanto no concurre la causa en que se ampara tal decisión extintiva que produce sus efectos el 14 de julio de 2021, procede analizar las consecuencias de tal declaración.

*Consecuencia de la declaración de improcedencia del despido, y lo previsto en el artículo 56 del Estatuto de los Trabajadores, el empresario en el plazo de cinco días desde la notificación de la sentencia, **podrá optar entre la readmisión del trabajador, con abono de los salarios de tramitación - los salarios dejados de percibir desde la fecha de despido hasta la notificación de la sentencia que declarase la improcedencia o hasta que hubiera encontrado otro empleo, si tal colocación fuera anterior a dicha sentencia y se probase por el empresario lo percibido, para su descuento de los salarios de tramitación-, o el abono de una indemnización** a razón de “cuarenta y cinco días de salario, por año de servicio, prorrateándose por meses los períodos de tiempo inferiores a un año hasta un máximo de cuarenta y dos mensualidades, para el período del contrato anterior al 12 de febrero de 2.012, y a razón de treinta y tres días de salario por año de servicio por el tiempo de prestación de servicios posterior, con un máximo de veinticuatro mensualidades. El importe indemnizatorio resultante no podrá ser superior a 720 días de salario, salvo que del cálculo de la indemnización por el período anterior al 12 de febrero de 2012 resultase un número de días superior, en cuyo caso se aplicará éste como importe indemnizatorio máximo, sin que dicho importe pueda ser superior a 42 mensualidades, en ningún caso” - Disposición Transitoria 5ª de la Ley 3/2012 de 6 de julio”.*

2º.-De acordo ao anterior presentase perante o xulgado o seguinte escrito:” **MARIA DOLORES RODRIGUEZ AMOROSO LAURA CARNERO, Procuradora de los Tribunales y del CONCELLO DE A LARACHA, representación que tengo acreditada en los AUTOS DE DESPIDO/ CESE 570/2021, ante el Juzgado comparezco y DIGO: Que habiéndose dictado sentencia , **esta parte manifiesta que no se recurrir la misma y que se opta por readmitir a la trabajadora, debiendo de incorporarse a su puesto de trabajo el día 18 de Octubre en Horario habitual de trabajo. SUPlico AL JUZGADO; Tenga por presentado este escrito y por efectuadas las anteriores manifestaciones. Es justicia que pido en A Coruña a 14 de Octubre del 2021. Ltdo. José M. Roibás”.****

3º.-A readmisión da traballadora require a creación da correspondente praza e posto de traballo, o que deberá realizarse a través da modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, respectivamente.(artigo 126.3 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigos 169 e 177.2 do TRLRHL).

4º.-O artigo 118 da Constitución Española establece que «é obrigado cumprir as sentenzas e demais resolucións firmes dos Xuíces e Tribunais, así como prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolvido». No mesmo sentido pronúnciase o artigo 17.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial: «2. As Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as corporacións e todas as entidades públicas e privadas, e os particulares, respectarán e,



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

no seu caso, cumprirán as sentenzas e as demais resolucións xudiciais que gañasen firmeza ou sexan executables de acordo coas leis».

5º.- artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que establece:

“1. As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non poida ser adscrita a un posto de traballo vacante.

A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.

2. Os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, a non ser que se dispoña a súa amortización.

3. Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.”

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 31 a 39, e 69 a 77 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

— Os artigos 22.2.i), 90.2, 92 e 92.bis da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

— Os artigos 126.4, 127 e 129.3.a) do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

— O artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

— Os artigos 61 a 64 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

— O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

De acordo aos antecedentes e normativa sinalados, emitidos os informes preceptivos de secretaría e intervención e tras a negociación colectiva propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello, nos termos que constan no ANEXO I

SEGUNDO. Publicar integramente a citada relación no *Boletín Oficial da Provincia* e na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO. Remitir una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es**ANEXO I**

01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL
SECRETARIO
TÉC. ADMON. XERAL SECRETARÍA
XEFE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS XERAIS
01.01. UNIDADE DE SERVIZOS XERAIS
AUXILIAR ADMINISTRATIVO
01.02. UNIDADE DE REXISTRO, PADRÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (POSTO DE NOVA CREACIÓN)

CÓDIGO	01.02.00.03
DENOMINACIÓN	AUXILIAR ADMINISTRATIVO
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE REXISTRO, PADRÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA	A.X. (SUBESCALA AUXILIAR)
GRUPO	C2
FUNCIÓNS	<p>Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden.</p> <p>Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes.</p> <p>Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes.</p> <p>Realizar tarefas de atención ó público en xeral.</p> <p>Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes.</p> <p>Calquera outra, correspondente á súa categoría, e propia do departamento ou unidade.</p>

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es**OBSERVACIÓNS**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIP O	CORPO ESCALA	GRU PO	NIVEL	C.E. 2021 (12 PAGAS)	PROV	R.N.	TITULACIÓN	FORM. ESPEC.	ADM.	OBSERVAC.
01.02.00.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	A.X. (auxiliar)	C2	16	6.693,04	C	U.E.	GRADUADO ESO OU EQUIVALENTE		A.L.	

Posterioremente sométese o asunto a votación e resulta **aprobado por maioría absoluta con trece (13)** votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis (6) en contra: Dna. María Palomí Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) e dúas (2) abstencións de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO DA ANTIGÜEDAD DO PERSOAL LABORAL

O secretario da conta do ditame da sesión extraordinaria celebrada polo pola comisión informativa de Asuntos do Pleno celebrada o 29 de decembro de 2021, o cal é o seguinte

“-ANTECEDENTES.

A adecuada planificación e xestión dos recursos humanos forma parte da cultura que toda organización debe ter, coidar e potenciar. Constitúen un dos grandes activos das mesmas e, por outra banda, está intimamente ligada á eficacia e á eficiencia da actuación administrativa e, xa que logo, á calidade na prestación dos servizos públicos.

O 22 de decembro de 2021, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello un escrito de D^a Ana Aldao Corral con DNI nº 52432511D, directora e psicóloga do CIM e como delegada do persoal laboral do Concello da Laracha polo Sindicato CSIF, EXPÓN, Que na actualidade o persoal laboral do Concello da Laracha non ten recoñecido o cobro correspondente ao complemento de antigüidade, trienios Que tendo en conta que a normativa ampara o dereito a percibir tal complemento por parte do persoal. SOLICITO, Que se teña por presentado este escrito e polo mesmo se proceda a recoñecer e aboar o complemento por antigüidade ao persoal laboral que presta servizos no Concello da Laracha.

Emítase informe de secretaría en data 22/12/2021 que dispón:

“No caso do persoal laboral, a regulación do complemento de antigüidade e o importe retributivo correspondente, de conformidade co previsto no artigo 26.3 do Estatuto dos Traballadores, será o que se determine mediante a negociación colectiva ou, no seu defecto no contrato individual.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Consonte ao establecido no artigo 37.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, correspóndelle á Mesa Xeral de Negociación, que estará integrada pola representación do Concello da Laracha e pola representación das organizacións sindicais que teñan a condición de máis representativas ou representativas conforme ao disposto polos artigos 6 e 7 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, establecer as condicións de aplicación das retribucións referidas aos servizos previos nas Administracións Públicas e ao abono de trienios.

O Concello, como quedou sinalado, non ten aprobado convenio colectivo a día de hoxe.

CUARTO.-Por razóns de operatividade, en ausencia de convenio colectivo específico, podería resultar axeitado, nos termos previstos no referido artigo 26.3 do ET, determinar, previo acordo na Mesa Xeral de Negociación, como sistema aplicable o establecido para o persoal funcionario, é dicir, aplicar o sistema de trienios, de conformidade ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado que se ven aprobando para cada anualidade, nos que se establece o importe dos trienios, segundo o Grupo e o Subgrupo, a aplicar nas retribucións mensuais e en cada unha das pagas extraordinarias.

A contía de cada trienio, segundo o grupo de clasificación, é, no ano 2021 (a día de hoxe normativa en vigor), a seguinte:

SUBGRUPO FUNCIONARIO	GRUPO LABORAL EQUIVALENTE	TITULACIÓN DE ACCESO	TRIENIO MES	TRIENIOS PAGAS
A1	I	Licenciado/a, Arquitecto Sup., Grao universitario	46,74	28,85
A2	II	Diplomado/a ou Grao universitario	38,12	27,79
C1	III	Bacharelato /FPII	28,85	24,91
C2	IV	Graduado/a ESO	19,64	19,44
E/Agrup. Prof.	V	Certificado Escolaridade	14,74	14,74

Porén a aplicación a cada traballador, no caso do persoal laboral e, insistimos, previa negociación, podería axustarse a criterios de asimilación á clasificación que a citada norma fai para o persoal funcionario, atendendo a criterios de titulación requirida para participar no proceso selectivo ou ao nivel de titulación de acceso que se recolla no contrato de traballo.”

Emitese informe de intervención en data 23 de decembro.

O 23 de decembro foi convocada Mesa Xeral de Negociación de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 7/2007, de 12 de abril, convócaselle as Organizacións Sindicais lexitimadas, á Mesa Xeral de Negociación do Concello

Por tanto e, de acordó aos antecedentes sinalados propónse a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Recoñecer, de acordo ao principio de igualdade, o dereito a percepción do complemento retributivo de antigüidade para o persoal laboral do Concello da Laracha, segundo a titulación esixida para o acceso ao posto, tomando como referencia para o seu devengo e aboo a Lei de Orzamentos Xerais do Estado, non aplicándose con efectos retroactivos de acordó ao art. 9.3 da CE-78.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O sistema retributivo resultante do presente acordo resultará aplicable ao persoal laboral fixo, indefinido e temporal. O persoal vinculado ou contratado con cargo a programas e/ou plans obxecto de financiamento e/ou subvención externa, percibirá as retribucións ou cantidades que se fixen pola propia orde de convocatoria ou norma reguladora de ditos programas e/ou subvencións.

SEGUNDO.- Incoar a tramitación das Modificacións orzamentarias pertinentes, condicionando a efectividade do presente acordó a necesaria consignación orzamentaria..”

D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) sinala que o seu voto será a favor que o lóxico é que se recoñeza ao persoal laboral que o anómalo era que non se fixese ate o de agora. Engade que tamén sería interesante ter un convenio para o persoal.

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE) afirma que votará a favor a vista dos informes.

Posterioremnte sométese o asunto a votación e resulta **aprobado por unanimidade con quince (15)** votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis (6) en contra: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2021 E CADRO DE PERSOAL.

O secretario da conta do ditame da sesión extraordinaria celebrada polo pola comision informativa de Facenda celebrada o 29 de decembro de 2021, o cal é o seguinte:

“PRMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2022 por importe de 8.618.000,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente os estados de gastos e ingresos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico 2022, acompañados da memoria de alcaldía e do informe económico financeiro, co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAP	CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
		A) OPERACIÓN S CORRENTES	
	1	Gastos de persoal	1.992.578,50
	2	Gastos en bens correntes e servizos	4.930.947,61
	3	Gastos financeiros	3.000,00
	4	Transferencias correntes	447.700,00
		B) OPERACIÓN S DE CAPITAL	
	6	Investimentos reais	834.300,00

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

7	Transferencias de capital	409.473,89
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL GASTOS		8.618.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP	CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
		A) OPERACIONES CORRENTES	
	1	Impostos directos	2.457.000,00
	2	Impostos indirectos	85.000,00
	3	Taxas e outros ingresos	1.491.710,50
	4	Transferencias correntes	4.160.405,26
	5	Ingresos patrimoniais	100,00
		B) OPERACIONES DE CAPITAL	
	6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
	7	Transferencias de capital	423.784,24
	8	Activos financeiros	-----
	9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL INGRESOS		8.618.000,00	

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, que conteñen no seu apartado 21º a modificación do acordo plenario de 21 de xuño de 2019 en relación coas retribucións das dedicacións exclusivas, o Anexo de Personal, o Anexo de Investimentos e o Estado da Débeda.

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Municipal para o ano 2022 e o Cadro de Persoal aprobados polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) toma a palabra para dar conta do orzamento desagregado por capítulos e realiza unha comparativa respecto ao ano anterior. Critica a suba do 2% dos solos do equipo de goberno que se levan ao tope máximo da lei, que o persoal eventual realice funcións impropias e que se realicen tantas xuntas de goberno cunha asignación maior que a dos plenos.

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE) tamén analiza o orzamento por capítulos , critica a suba do 2% dos solos do equipo de goberno, afirma que lle resulta curioso que se dote a mesma cantidade ao mantemento da praia das Salseiras e, finalmente, realiza un chamamento ao control do



gasto como di o informe de intervención. Ademais formula as seguintes emendas parciais ao Orzamento Xeral do Concello da Laracha para o exercicio 2022:

“O Grupo Municipal Socialista da Laracha non pode estar en absoluto de acordo co proxecto de orzamento que presenta o Goberno municipal para o vindeiro exercicio, ao considerar que non resulta, para nada, indicativo do modelo de pobo que Laracha precisa.

Neste senso, os orzamentos propostos polo Executivo local para o ano 2022 resultan unha simple copia das contas achegadas en exercicios anteriores, sen considerar, polo tanto, ningún tipo de evolución nin de cambio no noso pobo.

O Grupo Municipal Socialista da Laracha non pode estar de acordo en que, un ano máis, o Goberno inclúa partidas iguais ás de exercicios anteriores.

Por ilo, en aras de facer unha aportación construtiva ao noso pobo, sen tratarse do proxecto que presentaría o Partido Socialista, e reflectindo algúns aspectos fundamentais para o desenvolvemento da Laracha, facemos as seguintes emendas aos orzamentos.

As contas municipais do Equipo de Goberno son as mesmas ano tras ano, á marxe da conxuntura económica.

O artigo 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, en concordancia co artigo 168.4 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o presidente da entidade formará o orzamento xeral e o remitirá, informado por Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados no apartado 1 do artigo 166 e no presente artigo, ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución, en base estes artigos, os prazos volven a incumprirse ano tras ano, no que parece converterse en norma.

EMENDAS ÁS BASES DE EXECUCIÓN

1. Na **base 2ª.- Ámbito de aplicación**, debe modificarse esta base que quedará redactada co seguinte contido:

“As presentes bases aplicaranse con carácter xeral á execución e desenvolvemento do Orzamento da Entidade.”

2. Na **base 3ª.- Estrutura orzamentaria**, debe modificarse o seguinte contido:

No primeiro parágrafo da base 3ª., onde di: “A estrutura do orzamento axustarase á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, clasificándose os créditos consignados no Estado de Gastos por programas e por categorías económicas.”, debe dicir: “A estrutura do orzamento axustarase á Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.”



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3. Na **base 3ª.- Estructura orzamentaria**, debe engadirse un novo parágrafo que quedará redactado co seguinte contido:

“A clasificación de ingresos da Entidade realizarase conforme a súa natureza económica a nivel de capítulo, artigo, concepto e subconcepto.”

4. Na **base 4ª.- Vinculación xurídica**, debe modificarse o seguinte contido:

No primeiro parágrafo da base 4ª., Onde di: “..., tendo carácter limitativo e vinculante.”, debe dicir: “..., tendo carácter limitativo e vinculante, con carácter xeral.”

5. Na **base 4ª.- Vinculación xurídica**, débese modificar o punto 2 que quedará redactado co seguinte contido:

“2. Os créditos declarados ampliables terán carácter vinculante, co nivel de desagregación co que aparezan nos Estados de Gastos.”

6. Na **base 7ª.- Créditos extraordinarios e suplementos de crédito**, débese engadir un novo parágrafo que quedará redactado co seguinte contido:

“O expediente que se remita á Intervención para o seu informe deberá conter os seguintes documentos:

1. Acordo de incoación do Alcalde no que se xustifique os seguintes extremos:

- Razóns que xustifiquen a necesidade e a urxencia da modificación orzamentaria.
- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- A inexistencia no Estado de Gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, no caso de crédito extraordinario, ou a insuficiencia do saldo de crédito no comprometido na aplicación correspondente, no caso de suplemento de crédito.”

7. Na **base 8ª.- Transferencias de crédito**, débese modificar o punto 1 desta base que quedará redactado co seguinte contido:

“1.- Proposta do Alcalde incoando o expediente na que se fará referencia ás aplicacións orzamentarias que vaia a incrementarse comprensiva dos seguintes extremos:”

8. Na **base 10ª.- Incorporación de remanentes de crédito**, débese modificar o punto 3 desta base, que quedará redactado co seguinte contido:

“3.- Documentos orixinais acreditativos da existencia de compromiso firme de achega por terceiros cando o financiamento se basea neste medio.”

9. Na **base 10ª.- Incorporación de remanentes de crédito**, débese engadir ao final do punto 6 o seguinte contido:

“...orzamentaria, que será executiva dende a data da súa aprobación.”



10. Na base 10ª.- Incorporación de remanentes de crédito, débese modificar no último parágrafo desta base o seguinte contido:

Onde di: “...estrutura do Orzamento, ~~ou por imperativo legal sexa modificado~~ o nome ou a codificación...”, debe dicir: “...estrutura do Orzamento se modifique o nome ou a codificación...”.

EMENDAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS DE NOVA CREACIÓN

EMENDA NÚMERO 1. RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS NAS EXPLOTACIÓNS AGRO GANDEIRAS

PROGRAMA/CATEGORÍA ECONÓMICA	DESCRICIÓN	MINORACIÓN IMPORTE	INCREMENTO IMPORTE
1621/22706	Estudos e traballos técnicos	-25.000 €	
1621/2279901	Recollida de plástico agrícola nas explotacións agro gandeiras		25.000 €

O plan de recollida de plásticos agrícolas da Xunta de Galicia comezou a funcionar no ano 2005, mais leva sen renovar dende o 2017 debido a que a Consellería de Medio Ambiente non actualizou o contrato de servizo que tiña en marcha cos concellos, e que permitía subvencionar parte do transporte ás empresas autorizadas.

Con esta emenda propoñemos que de destine unha liña de axudas para mellorar os puntos de acopio deste material.

EMENDA NÚMERO 2. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS AO AIRE LIBRE EN PAIOSACO

PROGRAMA/CATEGORÍA ECONÓMICA	DESCRICIÓN	MINORACIÓN IMPORTE	INCREMENTO IMPORTE
453/61900	Outras inversións reposición de infraestruturas	-50.000 €	
342/2270601	Proxecto de estudo para pistas deportivas ao aire libre en Paiosaco		50.000 €

Demanda solicitada pola veciñanza do lugar. Un espazo público como punto de encontro e práctica deportiva por mozos e mozas e maiores podendo facer uso das pistas deportivas sen custo para a veciñanza, ademais de fomentar hábitos de vida saudable cumprindo coas recomendacións da OMS.



EMENDA NÚMERO 3. PROGRAMA PILOTO DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS “A LARACHA VECIÑAL”

PROGRAMA/CATEGORÍA ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	MINORACIÓN IMPORTE	INCREMENTO IMPORTE
920/22200	Administración Xeral. Servizos Telecomunicación	-10.000 €	
920/22602	Administración Xeral. Publicidade e propaganda	-5.000 €	
920/22706	Administración Xeral. Estudos e traballos técnicos	-5.000 €	
334/22602	Publicidade e propaganda	-5.000 €	
334/22001	Promoción cultural. Prensa, revista e libros	-500 €	
334/22601	Atencións protocolarias e representativas	-1.500 €	
1721/22706	Estudos e traballos técnicos	-13.000 €	
924/48900	Programa piloto de orzamentos participativos “A Laracha Veciñal”		40.000 €

Implantar os orzamentos participativos como instrumentos de mellora da participación da cidadanía na asignación dos recursos públicos e na definición de obxectivos prioritarios de xestión.

A través deste programa despregarase unha primeira experiencia piloto de cara a dotar A Laracha de mecanismos efectivos de participación social na elaboración dos orzamentos municipais. Esta partida destinarase aos programas e investimentos que se determinen a través da participación veciñal, tanto directa como a través das entidades, organizacións, colectivos e asociacións do noso pobo.

EMENDA NÚMERO 4. ESTUDO DINAMIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO COMERCIO E HOSTALERÍA DO CONCELLO DA LARACHA

PROGRAMA/CATEGORÍA ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	MINORACIÓN IMPORTE	INCREMENTO IMPORTE
1532/21000	Infraestruturas e bens naturais	-10.000 €	



431/22706	Estudo dinamización e mellora da competitividade do comercio e hostalería do Concello da Laracha		10.000 €
-----------	---	--	-----------------

Esta emenda trata de que se poña en marcha un estudo diagnóstico do noso comercio e hostalería, coa recollida de información a través dunhas enquisas dirixidas tanto a persoas empresarias como a veciñanza do noso pobo e visitantes, co obxectivo de contribuír a mellorar a competitividade do comercio e hostalería local.

Somos conscientes das dificultades que trouxo consigo a crise sanitaria para os pequenos negocios, ao igual que das oportunidades que puxo de manifesto: o maior consumo local e o auxe da venda online ou o reparto a domicilio.

EMENDA NÚMERO 5. EXECUCIÓN SUBSIDIARIAS EN FINCAS INSALUBRES

PROGRAMA/CATEGORÍA ECONÓMICA	DESCRICIÓN	MINORACIÓN IMPORTE	INCREMENTO IMPORTE
1531/21000	Infraestruturas e bens naturais	-5.000 €	
3113/2279901	Execución subsidiarias fincas insalubres		5.000 €

O artigo 22 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais sinala que a execución da biomasa farase antes do 31 de maio de cada ano e que no caso de incumprimento, os entes locais notificarán ás persoas responsables para que no prazo de quince días acometan as tarefas referidas. De non se executar estes traballos, as administracións públicas “poderán proceder á execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa, repercutíndolles os custos ás persoas responsables”.

Así mesmo, segundo o disposto no artigo 22.6, a execución subsidiaria da xestión da biomasa non requirirá de ningunha autorización, e as persoas responsables están obrigadas a facilitar os necesarios accesos.

EMENDAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS A INCREMENTAR

EMENDA NÚMERO 6. AMPLIACIÓN HORARIO BIBLIOTECAS MUNICIPAIS

PROGRAMA/CATEGORÍA ECONÓMICA	DESCRICIÓN	MINORACIÓN IMPORTE	INCREMENTO IMPORTE
912/23000	Órganos de Goberno. Dos órganos de Goberno	-15.000 €	
3321/13000	Bibliotecas públicas. Retribucións básicas		15.000 €



912/23100	Órganos de Goberno. Dos órganos de Goberno	-2.500 €	
3321/16000	Seguridade Social		2.500 €

Con motivo a demanda que estamos a recibir para ampliación de horario das bibliotecas municipais do noso concello formulamos esta emenda en aras a que se contrate persoal para cubrir ampliación de horario cunha auxiliar de biblioteca.

EMENDA NÚMERO 7 . REPARACIÓN E MANTEMENTO CENTROS DOCENTES DE INFANTIL E PRIMARIA

PROGRAMA/CATEGORÍA ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	MINORACIÓN IMPORTE	INCREMENTO IMPORTE
920/22201	Administración Xeral. Postais	-8.000 €	
920/22601	Administración Xeral. Atencións protocolarias e representativas	-6.000 €	
920/22604	Administración Xeral. Xurídicos, contenciosos	-6.000 €	
323/21200	Reparación e mantemento centros docentes Infantil e Primaria		20.000 €

Emenda destinada por un lado a realizar labores de mantemento e mellora nos tres centros educativos, dotalos dos servizos que precisen. E por outro lado actuacións máis específicas en cada centro, en función das necesidades detectadas e dando resposta ás demandas de profesores e pais e nais.

En definitiva, máis orzamento para centros educativos. Aínda que se fixeron obras e melloras nos últimos anos, pensamos que é preciso incrementar as contías para seguir mellorando a habitabilidade dos espazos educativos.”

O sr alcalde agradece aos servizos económicos o traballo e matiza que non se puido traer antes o orzamento polas aportacións de outras administracións. Engade que se trata de previsións iniciais e que se presenta como novidade a aportación dos trienos para o persoal laboral. Respecto ao capítulo II afirma que representa o dinamismo do Concello que hai moitos servizos externalizados pola dificultade de incorporar persoal. Sinala que se estran reforzando moitísimo os servizos sociais e así se reflicte no orzamento. Respecto ao capítulo VI destaca proxectos importantes como o Convenio con Augas de Galicia, Convenio Hurbe para humanización en Paiosaco entre outras actuacións e, en canto ao POS, que virá a Pleno probablemente en xaneiro. Mostra a súa preocupación polo retraso nos pagos do IDAE o que representa un problema importante para os Concellos.
(Sendo as 12:02 h incorpórase a concelleira Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro).



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Acto seguido ten lugar a votación das enmendadas presentadas polo grupo municipal socialista ao orzamento **resultando rexeitas por maioría absoluta con once (11)** votos a en contra de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), tres (3) a favor : Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) e dúas abstencións (2) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

Posterioremente sométese o asunto a votación e resulta **aprobado por maioría absoluta con once (11)** votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), tres (3) abstencións: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) e dous (2) en contra de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

REMATE DA SESIÓN.-

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14:24 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión, agradecendo a asistencia sesión convocada de urxencia, estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,